PATAS ARRIBA

Texto e ilustracións de ANNE DERENNE

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartoné. 20 x 24,5 cm. 28 páx. 16 €

Patas arriba (galego)
ISBN 978-84-1343-442-1. Álbum ilustrado. Libros interactivos.

Patas arriba (castelán)
ISBN 978-84-1343-443-8. Álbum ilustrado. Libros interactivos.

De cap per avall (català)
ISBN 978-84-1343-372-1. Àlbum il·lustrat. Llibres interactius.

Dena hankaz gora (euskara)
ISBN 978-84-9172-463-6. Album irudidunak. Liburu interaktiboak.

Tudo de pernas para o ar (portugués)
ISBN 978-84-1343-442-1. Álbum ilustrado. Livros interativos.

Era un día tranquilo na sabana.
Todo o mundo estaba no seu lugar. Só faltaba o elefante.
BUM BUM BUM BUM. Ah! Vaites, aquí está!
Amodo, elefante! Non corras!

Un libro interactivo co que os máis pequenos quererán ler, xogar e gozar unha e outra vez.

Os animais descansan, aliméntanse, refréscanse... É un día de paz e tranquilidade interrompido pola estrepitosa chegada do elefante que, dando fortes alancadas, puxo a sabana «Patas arriba»: o león acaba enchoupado na charca e ata a copa das árbores rebotaron o crocodilo, o antílope, as cebras... A voz narradora anima o lector ou a lectora -en quen recae o protagonismo desta divertida aventura- a axitar o libro para devolvelos á súa posición inicial, pero as sucesivas interaccións non teñen efecto e, a cada sacudida, a desorde vai máis aló, desafiando a lei da gravidade e alterando mesmo o aspecto dos animais.

Dunha forma directa e distendida, a autora vai marcando a intensidade (forte ou suave), o sentido dos desprazamentos (arriba e abaixo, esquerda e dereita) e engadindo un toque de maxia e emoción ás súas instrucións. A lectura convértese así nunha áxil coreografía, facendo que o libro se transforme nun xoguete para o goce individual ou colectivo. Ademais, as páxinas de «Patas arriba» permiten coñecer os habitantes deste rincón da natureza, descubrir os rocambolescos bandazos que experimentan con tanto meneo, enumerar, practicar movementos sinxelos e comentar a presenza dun personaxe ameazante, que axexa agochado.

Comprometida coa defensa do medio ambiente, Anne Derenne utiliza a súa obra para sensibilizar -cun enfoque crítico e humorístico- a infancia sobre a ecoloxía e a biodiversidade. Nun escenario invariable, as ilustracións -de cores planas, intensas e luminosas- amosan uns animais carizaturizados, expresivos e de trazos definidos, como personaxes dunha serie animada.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** libro-xogo, libro interactivo; natureza.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** letras maiúsculas; humor, diversión, participación; sabana, animais salvaxes, ecoloxía; outros libros interactivos: serie «Pijamarama», «Quebracabezas» e «El príncipe azul. La princesa rosa».
- **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/patas-arriba-g

Anne Derenne

Ilustradora e caricaturista francesa afincada en Madrid. Estudou Economía Internacional do Desenvolvemento. Dende que iniciou a súa traxectoria artística en 2011, a súa obra publicouse en numerosos xornais -Le Monde, Le Temps, Le Pelèrin, Nectark- e revistas. Colabora coas plataformas Cartoon Movement e Cartooning for Peace, ademais de apoiar o labor de organizacións non gubernamentais como Unesco e Greenpeace. Editada en varios países, a súa obra foi distinguida co primeiro premio do Certame Internacional de Humor Gráfico Niels Bugge 2016 e o primeiro posto do Premio Europeo de Historieta 2020, entre outros recoñecementos.

https://annederenneillustration.com/